

Do teu verdor cinguido. Ecoloxismo e cristianismo

Prólogo de *Xosé Antón Miguélez Díaz*

Temos a sorte de encontrarnos ante unha obra feita coa sabedoría do bo divulgador que sabe abordar tanto o máis substancial da problemática ecolóxica como do movemento ecoloxista. Ambas cuestións preséntanse con amenidade, erudición e sentido práctico: o lector pode atopar aquí moitos deses datos que sobre unha e outra nos sensibilizan, e que despois non retemos e ás veces non sabemos onde buscar. Pero neste libro de Victorino Pérez Prieto hai felizmente moito máis. Hai pensamento que axuda a mostrarnos as perspectivas fondas e amplas, políticas e filosóficas do ecoloxismo. Hai tamén experiencia relixiosa asentada e pensada, hai teoloxía, posta ó servizo da causa ecoloxista. E hai tamén a esperanza realista do militante crítico que sabe de fidelidades a unha causa portadora de saúde e vida, tan chea de sentido que, asumindo a frase de Luther King, o autor é dos que "prantaría igual hoxe a mazaeira aínda que soubese que mañá se acabaría o mundo".

Victorino Pérez falaranos aquí de casos, problemas, autores ou organizacións concretas pero enmarcádonolos nun encadre máis global no que nos é posible pasar desde o fenómeno ou anécdota asequible a case todos, deica á percepción da realidade profunda que os provocou e que está determinando, en ben ou en mal, non só o presente senón tamén o futuro de todos. Do teu verdor cinguido nin pecha os ollos á información sobre a enorme gravidade da problemática ecolóxica concreta, nin queda nun memorial apocalíptico das ameazas que conviven con nós e que reclaman respostas puntuais e militantes, nin se reduce a un recetario para consumos ecolóxicos individuais de perspectivas ananas. Desde logo que ten en conta todo iso pero, en contacto co pensamento ecoloxista máis serio, vai máis alá, e axúdanos a ir tamén a nós. Con este libro podemos afondar na lucidez analítica que acabará abrindo portas á esperanza; con el percibiremos mellor os vínculos que unen a fame no mundo e a chuvia ácida, a foxa de inxustiza que separa o Norde do Sul coa progresiva desertización do planeta e a diminución da capa de ozono. E sobre todo, gracias á perspectiva global e teoloxal que o autor respectuosamente propón, podemos enfortecer esperanzas e despregar novas enerxías serenamente militantes, porque este é un libro apaixonado que sacude sonos e anima compromisos.

Desde o principio desta obra, Victorino pretende que non nos quedemos nun ecoloxismo superficialmente sentimental ou romántico e introdúcenos no ecoloxismo non inxenuo que, por definición, é o que non se conforma con constatar ou catalogar as realidades preocupantes da casa común humana, senón que se pregunta sobre a súa xénese ou causas para remedialas.

¿Que causas considera? Aquí tamén o autor vai a fondo. Non se conforma coa perspectiva simplemente técnica, como se os problemas ecolóxicos fosen pequenos abusos que se producen por descuidos ou por imperfeccións técnicas que fose posible subsanar nese terreo. Ofrécenos xunto co ecoloxismo máis serio o diagnóstico de causas estruturais que se artellan nos modos de organizar a economía, nos modelos de desenvolvemento e de organización social. É dicir ofrécenos unha perspectiva política que dificilmente nos deixará indiferentes. Ecoloxía política ou global para respectar a multiplicidade das causas e das consecuencias que os comportamentos humanos e sociais teñen sobre o noso medio natural máis alá do anecdótico ou do individual. Ecoloxía política para lembrarnos que todos estamos implicados. Ecoloxía política para clamar, desde a esperanza, que non estamos abocados necesariamente á fatalidade destructiva, senón que a salvación ecolóxica está nas nosas mans políticas, na seriedade con que queiramos asumir o goberno desta nosa casa chamada planeta Terra, sen dimitir da responsabilidade de cuidala deixándoa en mans dos desesperados depredadores que practican o vello "pan para hoxe, fame para mañá" ou o vellísimo individualismo insolidario que esmaga ós pequenos e acaba por volverse contra todos.

Tan a fondo vai o autor, que concedéndolle a máxima seriedade ás mediacións económicas e políticas, quere chegar ós fundamentos das actitudes vitais e espirituais que fixeron posible as agresións que mancaron con feridas que poden ser de morte a vida sobre o planeta azul. E facéndonos participar, a través dunha importante bibliografía que manexa con amplitude, da escoita respectuosa que el fai do pensamento humanista filosófico e ecoloxista, Victorino Pérez Prieto lévanos a cuestionarnos o sutil endeusamento que do ser humano fixo certa modernidade: é o que se ten chamado antropocentrismo moderno.

Un ser humano dominador absoluto da terra acaba encontrándose como inimigo de si mesmo e ameaza do seu amplo corpo que, de feito, son os outros e é a natureza. Fronte ó antropocentrismo absoluto que resulta coxo ou unidimensional, o pensamento ecoloxista máis profundo, e Victorino con el, propón unha antropoloxía solidaria coa natureza e coa humanidade concreta e global. Esta antropoloxía segue recoñecendo ó ser humano o lugar preeminente pero xa non absoluto: non está a humanidade absoluta ou libre de ataduras faga o que faga, senón que, como por experiencia cada vez vai sabendo máis xente, de feito queda vencellada e limitada pola súa propia praxe. Agora a preeminencia que a nova conciencia segue dando ó ser humano xa non é tanto para dominar canto

para cuidar con responsabilidade a natureza que é base e prolongación do seu ser.

Guiados polo autor irémonos decatando de que a conciencia ecoloxista non é algo puntual, ou anecdótico, reducible a certos comportamentos profilácticos ou menos contaminantes, senón que é nada menos que unha nova conciencia na evolución humana, a única que á larga (e urxentemente) poderá salvar a vida e a humanidade. Trátase dunha conciencia política e espiritual. Por unha banda política porque percibe a globalidade do problema e as mediacións estruturais que o alimentan e que só unha vontade transformadora humana, de cada vez máis colectivos, poderá encarar o seu remedio. E por outra ("todo o que afonda converxe" lémbraenos aquí) espiritual, pois percibe a común raíz de tódolos desafíos: os da fame no mundo e os da biodiversidade, os do incremento da violencia en certos arrabaldos e os da desforestización, os da agresión ás pequenas culturas e os estragos das drogodependencias socialmente provocadas, os da contaminación atmosférica ou os do machismo, e por iso rexeita o tipo de relacións que as provoca e as sostén: a dominación non solidaria. Fronte a ela cada vez vaise facendo máis evidente que só unha actitude de comunión respectuosa con todo e con todos, que non dimita da responsabilidade de goberno, poderá xerar un futuro humano no planeta.

Cada vez imos percibindo con mellor realismo que só unha bondade non inxenua, unha bondade politizada e resistente, unha bondade total que tenda a se estender a tódolos seres humanos e a toda a realidade corporal e material, só esa bondade, non sería criminal nin contaminante, e só esa bondade pode ofrecer á vida, a toda a vida, un futuro non agresivo nin ameazado polo mesmo comportamento humano. A nova conciencia nace dun ecoloxismo concreto, político, ético e solidario; e postúlaos cada día con máis fondura e urxencia. Esta nova conciencia é moderna porque cre que os problemas humanos teñen causas e teñen solucións humanas que a todos nos implican, porque non son só técnicas como se nos quere facer crer, senón tamén éticas, políticas e espirituais. Neste sentido segue sendo antropocéntrica. Pero a nova conciencia ecolóxica, na medida en que vaia medrando en lucidez e coherencia, aspirará a ser progresivamente comunitaria e solidaria, non só cos humanos ou coa vida, senón coa mesma materia que xa non poderá ser considerada simplemente como cousa arbitrariamente manipulable. Esta solidariedade profunda, popular, concreta, ecuménica, total, material e mística corrixe unha interpretación individualista do antropocentrismo moderno que, sen embargo, nalgúns dos seus aspectos, segue sendo unha importantísima adquisición da cultura que non debe xa perderse na conciencia humana. Ora ben, se a carón de respostas legais e políticas, cada día vai sendo máis evidente a urxencia da bondade intelixente como a mellor defensa ecolóxica da vida, isto prantexa a necesidade de fontes onde bebela e de tradicións ou colectivos onde sostela.

Victorino Pérez detecta esa demanda de unión respectuosa, responsable e

realmente eficaz, de unión amorosa con todo e coa Totalidade, é dicir dunha certa unión mística, e por iso, sen manipular o discurso ecolóxico, fai tamén teoloxía ecolóxica ou ecoloxismo teolóxico. Non sobra insistir que a necesidade dunha ética ecolóxica (cada vez máis admitida e demandada por todos) e do que vimos chamando "mística" ecolóxica xurden desde dentro da lóxica ecoloxista. O noso autor, sempre discrecionalmente respectuoso e receptivo a outros pensadores que comparten a súa mesma sensibilidade, cre poder ofrecer desde a tradición bíblica e cristiá convenientemente liberada de interpretacións ideolóxicas contaminantes (algunhas de orixe claramente neoplatónico ou estoico, outras aristotélico, outras racionalista, outras burgués), unha enerxía ética que sintonice coas arelas do movemento ecoloxista e sobre todo un camiño para acceder á comunión co concreto e coa totalidade como parece reclamar a lóxica ecolóxica na súa prolongación.

Victorino, xunto coa tradición cristiá e gracias ó movemento ecoloxista reencontra o Deus cristián, como a realidade persoal que sustenta todo con amor, vida e materia, que dalgún modo está presente en todo dándose e comunicándose, e que lle ofrece ó ser humano unha relación liberadora permanente a través de toda a creación como lugar de encontro e de alianza. O autor reencontra sen trampas a vea ecoloxista da súa tradición crente afondando nas raíces bíblicas do primeiro testamento, reparando no espírito ecoloxista de Xesús de Nazaret e na dimensión cósmica de Xesús resucitado, acollendo en San Francisco, San Xoán da Cruz e Teilhard de Chardin o mellor pulo místico cristián que descubre e acolle a divindade, a totalidade, non por abstracción do real, senón por profundización do existente que é percibido, todo el, como sinal de Deus e como tarefa humanizadora que nos implica, é dicir, como realidade sacramental. Un modo místico sacramental que, porque encontrou un xeito fraternal de relacionarse coa realidade, por unha banda alerta dun acceso prepotente ás cousas (como o que predomina na razón instrumental na que se funda o desaforado capitalismo que depreda tanta vida) e por outra libera do perigo dunha nova sacralización da realidade "natural" que negase a cultura como tenderán a facer certos fundamentalismos.

A reflexión teolóxica que aquí se nos ofrece non se trata logo, en absoluto, dun oportunista imperialismo relixioso que pretenda utilizar ou capitalizar a moda ou a sensibilidade ecoloxista. A aposta que Victorino Pérez Prieto presenta entre os lectores de idioma galego é moito máis seria por dous motivos. O primeiro porque xoga tan limpo no diálogo co ecoloxismo que nada menos que se deixa interpelar por el ata o punto de adoptalo, dalgún modo, como criterio de verificación crítica do mesmo cristianismo, admitindo a sospeita que cando a relixión non xere unhas actitudes benefactoras para a vida ou unha práctica ecolóxica san non pode ser verdadeira. El mostráranos que este criterio está nos alicerces da fe e da experiencia bíblica. O segundo porque o autor non pretende servirse da causa ecoloxista para pechar a ninguén nun estreito mundo relixioso senón servir a esa causa ofrecéndolle a enerxía (que el experimenta como limpa,

económica e ecuménica, sempre renovable), a motivación e a ética, que deitan dun modo místico cristián de situarse ante o mundo. O final de camiño non é a relixión senón a vida; a relixión liberadora que el presenta (haina enfermiza e alienante como tamén nos di) é para o autor unha mediación eficaz e sanadora para acceder con máis fondura á vida. Esta orientación de todo cara a vida en plenitude, ou cara o Reino en linguaxe relixiosa cristiá (conceptos practicamente sinónimos), é o que lle dá un carácter verdadeiramente ecoloxista a aportación de Victorino Pérez.

Neste libro, concienciador e esperanzador máis que apoloxético, fai o autor unha seria chamada ós cristiáns a sumarse apaixonadamente ó movemento ecoloxista se queremos ser consecuentes coa fe cristiá, e consecuentes quere dicir aquí se lle queremos atopar gracia e substancia a unha fe que sen elas deterírase en pobre ideoloxía. E por outro lado, móstralles ós compañeiros ecoloxistas a riqueza da fe cristiá como fonte onde anovar as forzas para a súa arela de cuidar a vida e de encontrar un camiño de sintonía comunional coa totalidade concreta, sen aforrar as moitas mediacións humanas científicas, éticas, estéticas, políticas: «Que bien se yo la fuente que mana y corre aunque es de noche» diranos con San Xoan da Cruz.

Se desta obra deita esperanza e forza é porque Victorino Pérez Prieto non fala friamente desde fóra, senón moi implicado persoalmente. El diranos que con moitas incoherencias, e non lle faltará razón, pero certamente tamén con moita verdade e xa cunha longa andadura e algunha fecundidade que moitos lle agradecemos. Aquece agora falar algo, brevemente, de quen escribiu *Do teu verdor cinguido* para que a súa lectura resulte máis situada e máis personalizada, aínda que se trata de alguén coñecido xa no mundo da cultura galega polas súas anteriores obras *A Xeración Nós. Galeguismo e relixión* (Galaxia, Vigo 1988) adicado a investigar a xeración Nós en relación coa fe cristiá, e aínda recentemente *Galegos e cristiáns* (SEPT, Vigo 1995) un ensaio que fai un inquérito histórico e actual sobre a presenza do galeguismo entre cristiáns.

O autor, formado en Santiago, Salamanca e Madrid, hoxe párroco en Ferrol e antes en Xove e Lagoa de Pastoriza, practica o ecoloxismo comprometendo seriamente moitos aspectos da súa vida. Leonés de familia e nacemento, como outros grandes galeguistas (Andrés Martínez Salazar e Marcelo Macías) fíxose galego por ser defensor e cuidador da vida e falante normalizador do idioma entre nós. Faino a diario desde hai moitos anos e a miúdo a contracorrente como tantas veces os profetas. Teno feito no ensino medio durante anos en Burela e faino dentro da Igrexa animando a súa lentísima asunción da galeguidade e axudando a desbloquear co exemplo pastoral e coa reflexión teolóxica en escritos ou conferencias tantos prexuízos e preguizas que a frean. Foi director e principal animador durante máis de dez anos, e desde o seu comezo, da revista *Irimia*, galega e cristiá, moi sensible á problemática ecoloxista desde a súa aposta por cuidar e defender a lingua e a terra galega. Nesa revista, na que segue colaborando, así como en algúns xornais (El

Progreso, A Nosa Terra...) e outras publicacións (Encrucillada, Noticias Obreras, Alandar...) apareceron moitos traballos seus reflexionando, sempre coa raioliña da súa fe, sobre o acontecer diario ollado con amplísima curiosidade, que tanto se interesa polo cooperativismo agrario (que promoveu) como polo cine de autor, pola problemática obreira como pola arte pictórica, pola literatura galega como pola teoloxía ou a política. A súa veta periodística cultivaa tamén agora nas crónicas que tomándolle o pulso á actualidade eclesial escribe para a revista de pensamento cristián Encrucillada, onde ten publicado variados estudos críticos destacando os que adicou ós grandes persoeiros da xeración Nós. Home militante e apostólico, activo onde estea, non é un outsider solitario, senón home de solidariedades e de comunidade: a Igrexa, a Asociación Irinia, o Movemento Rural Cristián, a Irmandade Obreira Católica (HOAC), a Asociación de Sacerdotes do Prado, saben da súa permanencia en proxectos colectivos que Victorino asume e apoia fielmente. Os fronts e os medios empregados son diversos pero a paixón é a mesma: cuidar da vida. Por iso a súa palabra resulta viva e ffacilmente afecta en ben. Que así a disfrute o lector.

Nadal de 1996.

Desde [aquí](#) se poden baixar o índice e dous capítulos do libro en formato WP 6.

[Vieiros](#)